

2ª DECLINACIÓN “ESPECIAL”: *VIR, PUER, LIBER*

Malia que a meirande parte dos substantivos da 2ª declinación seguen o patrón de *dominus*, *-i*, o, hai casos especiais en que o nominativo de singular cambia, pero permanece o resto dos casos.

	Señor, dono	Home, varón	Neno	Libro
Nom.S.	<i>domin-us</i>	<i>vir</i>	<i>puer</i>	<i>liber</i>
Acc.S.	<i>domin-um</i>	<i>vir-um</i>	<i>puer-um</i>	<i>libr-um</i>
Gen.S.	<i>domin-i</i>	<i>vir-i</i>	<i>puer-i</i>	<i>libr-i</i>
Dat. S.	<i>domin-o</i>	<i>vir-o</i>	<i>puer-o</i>	<i>libr-o</i>
Ab.S.	<i>domin-o</i>	<i>vir-o</i>	<i>puer-o</i>	<i>libr-o</i>

Liber, como outros lexemas que rematan en consoante + *-er*, (por exemplo, *ager* “campo”) ten a peculiaridade de que só aparece como *liber* en nominativo singular; para o resto dos casos, a e “cae” e usamos o *libr-*

	Señor, dono	Home, varón	Neno	Libro
Nom.P.	<i>domin-i</i>	<i>vir-i</i>	<i>puer-i</i>	<i>libr-i</i>
Acc.P.	<i>domin-os</i>	<i>vir-os</i>	<i>puer-os</i>	<i>libr-os</i>
Gen.P.	<i>domin-orum</i>	<i>vir-orum</i>	<i>puer-orum</i>	<i>libr-orum</i>
Dat. P.	<i>domin-is</i>	<i>vir-is</i>	<i>puer-is</i>	<i>libr-is</i>
Ab.P.	<i>domin-is</i>	<i>vir-is</i>	<i>puer-is</i>	<i>libr-is</i>

EXERCICIOS

1. IDENTIFICA NÚMERO E CASO DE:

<i>Pueri</i> (2 posibilidades)		
<i>Librorum</i>		
<i>Puerum</i>		
<i>Agri</i> (2 posibilidades)		
<i>Viro</i> (2 posibilidades)		

2. TRADUCE AO GALEGO OU CASTELÁN

<i>Pueri per agros cum nuntiis ambulant</i>	
<i>Vir est dominus servorum</i>	
<i>Femina libros pueris dat</i>	
<i>In agris cum servis semper laboro</i>	
<i>Servus gladios virorum in hortum portat</i>	

3. TRADUCE AO LATÍN:

Hai homes na casa.	
As escravas están preparando comida para os homes	
El está agora traballando no campo cos rapaces	
Doulle o libro ao (meu) amigo.	
Levamos o libro dos rapaces dentro da casa.	

2ª DECLINACIÓN: O XÉNERO NEUTRO

Literalmente, *neutrum* significa “nin un nin outro”. As desinencias dos nomes neutros son unha versión “modificada” dos masculinos.

A peculiaridade que teñen é que **Nominativo**, **Vocativo** (xa veremos este caso) e **Acusativo** son iguais nos neutros.

	Desinencias 2ª N SG	Exemplo: <i>bellum</i> “guerra”	Desinencias 2ª N PL	
Nom.S.	-um	<i>bellum</i>	-a	<i>bella</i>
Acc. S.				
Gen.S.	-i	<i>belli</i>	-orum	<i>bellorum</i>
Dat. S.	-o	<i>bello</i>	-is	<i>bellis</i>
Ab.S				



*Guerra contra os dacios,
101-106 n.e.*

Outras palabras baixo este paradigma:

Auxilium: axuda

Verbum: palabra

Donum: regalo, agasallo

Vinum: viño

Periculum: perigo

Arma: arma (ollo! Esta palabra só existe en plural)

Templum: templo

Vendo a terminación neutra plural...Como evitaremos confundirnos coa forma de feminino?

1. Se un substantivo é evidentemente animado (é dicir, ten vida), será feminino singular.
2. Se xa hai un substantivo que ocupa a función de suxeito en feminino singular, probablemente sexa neutro plural.

EXERCICIOS

1. PALABRAS DERIVADAS NO CASTELÁN OU GALEGO DE:

<i>Vinum</i>	
<i>Donum</i>	
<i>Auxilium</i>	

<i>Arma</i>	
<i>verbum</i>	

2. IDENTIFICA O NÚMERO E CASO DE:

<i>Templa</i> (2 posibilidades)		
<i>Vino</i> (2 posibilidades)		
<i>Periculatorum</i>		
<i>Armīs</i> (2 posibilidades)		
<i>Auxilii</i>		

3. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

Sed: pero, mais

<i>Vinum in horto est</i>	
<i>Viri arma in villam portant</i>	
<i>Semper sunt bella in insula</i>	
<i>Amici dominum e periculo portant</i>	
<i>Dona deis damus, sed dei auxilium non dant.</i>	

4. TRADUCE AO LATÍN:

Camiño cara ao templo da deusa	
Os escravos están preparando o viño no xardín	
O mensaxeiro dálle sempre regalos á escrava	
Gústannos as palabras da muller	
Os rapaces loitan coas armas*	
*Este “coas armas” exprésase só con <i>arma</i> no caso axeitado.	